

USOS	TRAMOS/SEMESTRAIS	IMPORTE/PERÍODO
ESPECIAIS	Cota fixa mínima	25,90 €/sem
	de 0 a 150 m ³	0,093 €/m ³ /sem
	de 151 a 420 m ³	0,098 €/m ³ /sem
	máis de 420 m ³	0,104 €/m ³ /sem

No caso especial de que o obrigado ao pagamento non dispoña de subministración municipal de auga e se sirva de rede privada ou de pozo, quedará suxeito ao pagamento desta taxa mediante a cantidade media dos consumos individuais do período, segundo o uso que lle sea de aplicación.

ARTIGO 7.—DEVINDICACIÓN

1.—Devindícase a taxa e nace a obriga de contribuír, para todos aqueles que no momento de entrada en vigor da presente taxa non estivesen conectados á rede de sumidoiros municipal, desde o momento en que se conceda a autorización para a conexión á rede xeral de sumidoiros que conducen as augas residuais, nos mesmos termos que dispón a ordenanza municipal reguladora da subministración de auga.

No caso de servirse da subministración sen autorización, nace a obrigación de contribuír desde o momento en que aquel se producise, sen prexuízo das sancións a que dese lugar.

2.—Unha vez sexa concedido ou utilizado o servizo, as cotas devindicaranse semestralmente o primeiro día do período que sinala a tarifa da taxa ou, se é o caso, na data que se realice o feito imponible.

ARTIGO 8.—LIQUIDACIÓN E PERÍODO IMPOSITIVO

1.—O período impositivo coincidirá con semestres naturais.

2.—A liquidación de alta da taxa realizarase pola aplicación da tarifa establecida sobre o consumo do período, e notificarase individualmente, seguindo o procedemento de ingreso establecido no Regulamento xeral de recadación.

3.—Unha vez producida a alta no correspondente padrón, a liquidación e ingreso desta taxa acomodarse ao procedemento previsto para os valores recibo (padrón, censo, matrícula etc.), mediante notificación colectiva con anuncio no Boletín Oficial da Provincia e a través de bandos que establecerán os períodos de ingreso.

4.—No caso de non poder tomarse lectura do contador por non estar en funcionamento, a liquidación farase sobre a media das dúas últimas lecturas, se existisen, en caso contrario, liquidarase sobre a media do consumo do período para os usos iguais o que se pretende liquidar.

Disposición derogatoria

Queda derogada a anterior ordenanza reguladora da prestación do servizo de redes de sumidoiros e depuración de augas residuais así como todas aquelas disposicións de menor ou igual rango que contradigan o disposto no presente texto.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2014, e aplicarase sobre os consumos realizados a partir desta data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA TRAMITACIÓN E EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

ARTIGO 1.—NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE

1.—O establecemento da taxa pola tramitación e expedición de documentos administrativos fundáméntase nos artigos 20 e 57 do RDLex. 2/2004, do 5 de marzo. Constitúe o seu feito imponible a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación a instancia de parte de toda clase de documentos que tramiten ou expidan e dos expedientes dos que entenda a Administración municipal.

2.—Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos ou expedientes necesarios para o cumprimento de obrigacións fiscais, os recursos administrativos ou aqueles outros que pola súa natureza estean gravados con outra taxa e impliquen dobre imposición.

ARTIGO 2.—SUXEITOS PASIVOS

1.—Serán suxeitos pasivos contribuíntes da presente taxa, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que soliciten, provoquen ou que a favor do seu interese redunde a tramitación do documento ou expediente.

2.—Serán responsables solidarios das obrigacións tributarias do suxeito pasivo aquelas persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3.—Serán responsables subsidiarios das obrigacións tributarias do suxeito pasivo aquelas persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

ARTIGO 3.—COTA E DEVINDICACIÓN

1.—A cota tributaria determinarase polas cantidades fixas establecidas no cadro de tarifas do artigo 4.

2.—Devindícase a taxa, e nace a obrigaçión de contribuír, cando se presenta a solicitude que inicie a tramitación dos documentos ou expedientes suxeitos ao tributo.

3.—O importe da taxa será determinado e liquidado polos servizos económicos municipais e o seu ingreso deberá efectuarse con carácter previo á tramitación do documento ou expediente de que se trate. O inicio entenderase que se produce logo de que teña entrada a solicitude de parte no Rexistro xeral do Concello.

4.—Despois da súa entrada no Rexistro municipal, e no caso de non tramitarse o expediente ou renunciar o interesado a que continúe o procedemento, sempre que non recaese informe, dilixencia ou actuación administrativa sobre este, o interesado terá dereito á devolución do importe ingresado. A devolución resolverase despois da solicitude do interesado onde conste expresamente a súa renuncia a continuar o procedemento.

5.—En ningún caso a resolución negativa dunha solicitude será motivo do reintegro da taxa.

ARTIGO 4.—TARIFAS

As tarifas ás que fai referencia o artigo anterior estrutúranse nos seguintes conceptos e importes:

	DOCUMENTO OU EXPEDIENTE	IMPORTE
A	Certificacións de datos do exercicio	3,10 € /dato
B	Certificacións de datos dos exercicios anteriores	6,20 € /dato
C	Fotocopias ou copias compulsadas de documentos municipais	1,05 € /unidade
D	Fotocopias simples de documentos municipais	0,30 € /unidade
E	Verificación da suficiencia de poderes	19,70 € /unidade
F	Tramitación de licenzas urbanísticas ou de actividade	
F.1	Para obras menores	
F.1.1	Que non requiran licenza de actividade ou que para esta sexa suficiente unha declaración responsable	20,70 €
F.1.2	Que impliquen a tramitación de licenza de actividade	103,60 €
F.2	Para obras maiores	
F.2.1	Que non requiran licenza de actividade ou que para esta sexa suficiente unha declaración responsable	51,80 € + 0,21€/m ²
F.2.2	Que impliquen a tramitación de licenza de actividade	62,15 € + 0,51€/m ²
F.2.3	Que requiran a autorización previa doutras administracións, impliquen ou non a tramitación de licenza de actividade	124,30 € + 0,51 €/m ²
F.3	Para inspeccións de licenzas de actividade sen execución de obra	
F.3.1	Para as inocuas con declaración responsable	62,15 € + 0,10 €/m ²
F.3.2	Para as que requiren tramitación de licenza	62,15 € + 0,31 €/m ²

	<i>DOCUMENTO OU EXPEDIENTE</i>	<i>IMPORTE</i>
F.4	Tramitación de transmisións de licenzas de actividade (Por m ² tomaranse os que consten como totais para construír no proxecto de execución)	20,70 €
G	Informes sobre condicións urbanísticas	22,80 €
H	Tramitación de licencias de primeira ocupación	62,15 € + 12,45 €/vivenda
I	Expedición de copias de atestados e informes sobre accidentes de tráfico	77,70 €
J	Conexións ás redes municipais de auga ou sumidoiros	31,05 €
K	Certificados ou xustificantes de empadramento e convivencia	4,15 €

ARTIGO 5.—BONIFICACIÓNS E EXENCIÓNS

Estarán exentos do pagamento desta taxa os seguintes contribuíntes:

1.—Os que carezan de recursos económicos por seren declarados así por precepto legal ou por acordo municipal logo do informe favorable do departamento de Servizos Sociais.

2.—Os membros da corporación en canto a copias de documentos ou expedientes que soliciten xustificadamente no exercicio das tarefas propias do seu cargo.

3.—A Administración do Estado, comunidades autónomas e administracións locais para aqueles documentos ou expedientes que soliciten de acordo co capítulo II do título V da Lei 7/1985, do 2 de abril, e título I da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4.—Estará bonificada cun 50% a tarifa K, cando os certificados sexan destinados a matriculación de alumnos empadroados no Concello do Grove en calquera centro de ensino público.

5.—Estará bonificada cun 100% a tarifa K, cando os certificados sexan obtidos mediante administración electrónica polo propio interesado.

6.—Estarán así mesmo exentos os desempregados sen dereito á prestación económica que soliciten certificados de empadramento para presentarse a probas de selección do Concello do Grove.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada a anterior ordenanza municipal reguladora desta taxa e todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango emanadas de órganos municipais que se opoñan ou contradigan o presente texto articulado.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor logo de que se complete o seu trámite de aprobación e exposición pública e se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

O Grove, a 20 de novembro de 2013.—O Alcalde, Miguel A. Pérez García.

2013010529

* * *

PONTEAREAS**A N U N C I O**

Non téndose formulado reclamacións ao acordo de aprobación provisional, adoptado pola Corporación Municipal o 25-09-2013, das modificación das ordenanzas que se citan, quedan elevados os acordos a definitivos, cuos textos íntegros son os seguintes